

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concellera-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local, correspondentes ás sesión ordinaria e extraordinaria e urxente celebradas o día 13 de agosto de 2014, e a sesión ordinaria celebrada o día 20 de agosto de 2014.

### **ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a legalización e obras de adaptación de muro de peche e contención de terras, no núcleo rural tradicional de Marcoi, parroquia de Santa María Alta; para a construcción de almacén agrícola, en solo clasificado como rústico de protección ordinaria, en Campo da Barra – Soñar e para segregación da parcela matriz 36-B, en tres parcelas, sita na rúa da Industria, do Polígono Industrial do Ceao, sobre a que se sitúa unha nave; así como as obras necesarias para a división da nave existente construída coa licenza de obras número 428/88.

Acórdase a desestimación de recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo adoptado pola xunta de goberno local na sesión celebrada o 16 de abril de 2014, polo que se denegou a licenza para a legalización de ampliación de explotación agrogandeira en solo rústico de protección de augas en Chavián, parroquia de Pedreda.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSONAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por compoñentes do servizo de extinción de incendios durante as festas patronais de San Froilán 2014 e a aprobación da forma de compensación.

**3. ACTAS E GOBIERNO.-** Acórdase modificar o acordo relativo ao réxime de substitucións dos membros da Xunta de Goberno Local.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	05/09/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	<code>mt19wd+KJAQZPuBLINT8+g==</code>	PÁGINA 1/2



`mt19wd+KJAQZPuBLINT8+g==`

## ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**- Acórdase a prórroga do contrato administrativo na contratación do alugamento de stands para o recinto feiral e fondo da praza Maior durante as festas do San Froilán.

Acórdase a ampliación do prazo de execución do contrato administrativo correspondente á realización de estudos e propostas técnicas sobre a Praza de Abastos, a redacción dun proxecto de obra, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da Praza de Abastos, cun 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). proxecto 12UR4002 urban Praza de Abastos e proxecto 13ur7001 urban auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto 10 na contratación do servizo de mantemento e conservación dos CEIP e escolas infantís Serra de Outes, Gregorio Sanz, Luis Soto Menor e Piringalla (Plan Mellora Lugo 2014) e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de mantemento e conservación de construcións rurais e periurbanas singulares e patrimoniais do Concello de Lugo (Plan Mellora Lugo 2014) e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de mantemento e conservación de instalacións deportivas do Concello de Lugo (Plan Mellora Lugo 2014) e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentación, mobiliario e sinalización vertical da rede viaria municipal do Concello de Lugo (Plan Mellora Lugo 2014) e a apertura do procedemento de adxudicación.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:`mt19wd+KJAQZPuBLINT8+g==`. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	05/09/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	<code>mt19wd+KJAQZPuBLINT8+g==</code>	PÁGINA	2/2



`mt19wd+KJAQZPuBLINT8+g==`